



**CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAIS METALÚRXCOS DE GALICIA (ASIME) CO FIN DE ACOLLER BOLSEIROS/AS DE INTERNACIONALIZACIÓN.**

En Santiago de Compostela, a 11 de xullo de 2016

**REUNIDOS**

**Dunha parte**, o Sr. D. Javier Aguilera Navarro, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), con CIF Q 6550010J e domicilio en Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela. (A Coruña). Está facultado para este acto segundo o acordo de delegación de facultades do Consello de Dirección do Igape de data 29 de marzo de 2012 (DOG núm. 78, do 24 de abril de 2012).

**E doutra parte**, o Sr. D. Julio Gómez Rodriguez en representación da Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (ASIME), con CIF G36614774 e domicilio en Rúa do Doutor Corbal, 51, 36207 Vigo, Pontevedra

As partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente,

**EXPOÑEN**

- 1.- Que mediante Resolución da Dirección Xeral do Igape do 23 de outubro de 2015 publicáronse as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.
- 2.- Que estas bases regulan a concesión dun máximo de 60 bolsas de formación práctica -no ámbito da internacionalización empresarial- para realizar labores de investigación de mercados, estudo de empresas e a súa planificación para internacionalización e, para investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.
- 3.- Que os posibles destinos dos bolseiros indicados nas bases son: oficinas da rede Pexga, antenas Igape no estranxeiro, oficinas comerciais de España no exterior, cámaras de comercio españolas no estranxeiro, organismos multilaterais, Igape, organismos intermedios galegos, centros de investigación, empresas e/ou outros organismos en Galicia ou no estranxeiro.
- 4.- Que ambas organizacións coinciden no interese de colaborar en accións que faciliten o acceso das empresas a novos mercados, a formación de persoal especializado en internacionalización, e acceso das empresas galegas a profesionais con este perfil.
- 5.- Que, convido aos lexítimos intereses dos comparecentes, acordan regular a dita colaboración de acordo coas seguintes



## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.-

É obxecto do presente convenio regular as relacións de colaboración entre o lgape e ASIME para a acollida dun bolseiro da convocatoria de bolsas de internacionalización do lgape.

### SEGUNDA.-

A duración inicial da bolsa no organismo de acollida é de 9 meses e, a data de comezo estímase durante o mes de xullo de 2016. A dita duración poderá ser prorrogada polo lgape por un período máximo de doce meses adicionais en consideración á conveniencia de finalizar etapas de formación que xa estivesen comezadas ou a piques de comezar na data de finalización da bolsa, sempre e cando ASIME acepte a prolongación da estadia.

A dotación da bolsa será pagada integramente polo lgape ao bolseiro, e inclúe todos os impostos de carácter persoal así como a Seguridade Social. O lgape non aboará ningunha cantidade á entidade colaboradora. No caso de que das tarefas encomendadas polo organismo se incurra noutros gastos non cubertos polas bases reguladoras do programa, estes gastos serán por conta do organismo.

O lgape asignará o/s bolseiro/s a ASIME tendo en conta a puntuación final obtida polos bolseiros na resolución definitiva, e as súas preferencias.

O lgape poderá substituír ao bolseiro no caso de renuncia do bolseiro anterior ou por cambio de destino por causa xustificada.

### TERCEIRA.-

A colaboración de **ASIME** consistirá en:

- A execución, dentro do horario laboral, do plan de formación plantexado por ASIME, que se une como anexo ao presente convenio.
- A realización, a través do(s) titor(es) proposto(s) e que se indica no anexo ao presente convenio, do seguimento da actividade desenvolta polo bolseiro dentro do programa de formación establecida, e a provisión do asesoramento necesario para o seu correcto desenvolvemento e integración.
- A realización e envío ao lgape de informes acumulados trimestrais de execución e resultados do programa de formación, así como o informe final.
- Permitir a execución por parte do bolseiro de tarefas complementarias que o lgape lle poida asignar así como a participación en reunións, seminarios,... aos que o bolseiro sexa convocado polo lgape, sendo neses casos por conta do lgape os gastos de desprazamento, que se aboarán directamente ao bolseiro como parte da dotación da bolsa.
- A posta a disposición das instalacións e os medios apropiados para o desenvolvemento da bolsa.
- A inclusión do bolseiro no plan de prevención de riscos de ASIME, asegurándose de que é coñecedor do dito(s) plan(s).
- O bolseiro deberá cumprir co réxime de ordenamento interno de ASIME .
- Subministrar toda a información necesaria para que o lgape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.



#### **CUARTA.-**

As actividades do beneficiario serán en todo caso formativas, sen que en ningún suposto poida ostentar a condición de responsable, nin tan sequera de facto, da execución de calquera tipo de actividade. O bolseiro deberá estar en todo momento supervisado e controlado polo titor que se lle designe, que será quen adopte calquera decisión que se considere necesaria e vele porque o beneficiario aproveite con éxito o proceso de formación.

Os dereitos e obrigas establecidas en virtude do presente convenio de colaboración non presupoñen relación laboral nin de servizos entre ASIME e o bolseiro.

#### **QUINTA.-**

A entrada en vigor do convenio será desde a data efectiva de incorporación do bolseiro a ASIME. A súa duración será de 9 meses podendo prorrogarse por doce meses adicionais se existe conformidade ao respecto polas dúas partes.

#### **SEXTA.-**

As controversias que puidesen xurdir da interpretación do presente convenio resolveranse por unha Comisión Mixta constituída por un representante designado por cada unha das partes e presidida polo director xeral do Igape, a cal se reunirá a convocatoria de calquera dos seus membros, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e correspondendo contra os mesmos recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Santiago de Compostela.

#### **SÉTIMA.-**

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

A entidade colaboradora someterase aos mecanismos de inspección e de control que o Igape considere convintes, vinculadas ás actividades formativas dos beneficiarios en relación coa bolsa concedida

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

#### **OITAVA.-**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas e no disposto por elas, polas normas de Dereito Público español, isto é, a Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normas subsidiarias.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade asínase por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

Polo Igape:

Por ASIME:

Asdo.: Javier Aguilera Navarro

Asdo.: Julio Gómez Rodríguez



| ANEXO PLAN DE FORMACIÓN                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|---------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| NOME TITOR BOLSEIRO:                              | Francisco Calvo Barrasa                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| MERCADOS DE INTERESE:                             | Alemaña, Cuba, Noruega, México e Reino Unido                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| ACCIONS INTERNACIONALIZACIÓN PREVISTAS 2016/2017: | <b>Accións de promoción exterior conxunta de empresas galegas / País/ data / nº empresas participantes:</b><br>1. Misión comercial a Cuba 2016/ CUBA/ 23 de Abril ao 1 de Maio de 2016/ 17<br>2. Participación agrupada á feira SMM Hamburgo 2016/ Alemania/ 6-9 Setembro de 2016/ 22<br>3. Participación agrupada na feira WindEnergy en Hamburgo/ Alemania/ 27-30 de Setembro 2016/ 19<br>4. Feira Internacional FIHAV 2016/ Cuba/ Novembro/ 7<br>5. Participación agrupada á feira Nor- Shipping 2017/ Noruega/ 30 de Maio ao 2 de Xuño de 2017/ 22<br>6. Visita agrupada á feira Marine Maintenance World Expo 2016/ Holanda/ 21-23 Xuño de 2016/ 8<br>7. Misión Comercial Eólica Offshore 2016/ Alemaña, Francia e Reino Unido/ 6-12 de Novembro de 2016/ 16<br>8. Misión inversa Offshore 2016/ Alemaña, Países Baixos, Suecia, Reino Unido, Francia, Irlanda e Dinamarca/ 10-14 de Maio de 2016/ 10<br>9. Elaboración material promocional 2016/-/ Periodo 1 e 2/ 720 |
| PLAN DE TRABAJO E TAREFAS DO BOLSEIRO:            | Apoio directo no departamento no plan de actuacións de reflexado para o Departamento de Relacións Internacionais e Comercio Exterior da Asociación.<br>Tarefas iniciais de apoio ao director do departamento e progresiva inclusión na organización e desenvolvemento nas actuacións previstas no plan de internacionalización.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |